



BOP

MARTES, 6 DE FEBREIRO DE 2024

N.º 031

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 18 DE FEBREIRO DE 2024

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE LUGO

Anuncio

D. FERNANDO VÁZQUEZ ORGE, SECRETARIO DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE LUGO.

HAGO SABER: Que habiendo sido convocadas Elecciones Autonómicas, que se celebrarán el próximo día 18 de febrero 2024 y en cumplimiento de la legislación electoral vigente, ha quedado constituida la Junta Electoral de Zona de Lugo de forma definitiva de la siguiente de la siguiente manera:

PRESIDENTE: D. JOSÉ LUIS DEAÑO RODRÍGUEZ, Magistrado-Juez del Juzgado de Primera Instancia nº5 de Lugo,

VOCAL JUDICIAL: D^a. CRISTINA SÁNCHEZ NEIRA, Magistrada-Juez del Juzgado de lo Penal nº 1 de Lugo

VOCAL JUDICIAL: D. JOAQUÍN BRAGE CAMAZANO, Magistrado-Juez del Juzgado de Instrucción nº 1 de Lugo

VOCAL NO JUDICIAL: D. JOSÉ LUIS ALBERTO FARIÑAS

VOCAL NO JUDICIAL: D. XERMÁN SOUTO GARCÍA.

SECRETARIO D. FERNANDO VÁZQUEZ ORGE, Letrado de la Admón. de Justicia del Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº1 de Lugo y del Juzgado Decano de Lugo.

Lo que se hace público para general conocimiento el día 31 de enero de 2024.- EL SECRETARIO DE LA JUNTA DE ZONA DE LUGO, Fernando Vázquez Orge.

R. 0304

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE. XEFATURA TERRITORIAL DE
PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE. SERVIZO DE APOIO AO EMPREGO,
EMPREENDEMENTO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Código número 27000245011982

Visto o texto do acordo de fixación de días inhábiles para o exercicio 2024 derivado do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo, asinado o día 19 de xaneiro de 2024 pola representación patronal e das centrais sindicais U.G.T. (41,67%), CC.OO. (33,33%) e C.I.G. (16,67%), como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 1 de febreiro de 2024.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

ACTA DE ACORDO
CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA A INDUSTRIA DE EBANISTERÍA E AFÍNS DE LUGO

ASISTENTES**Pola Asociación Provincial de****Empresarios de Ebanistería de Lugo**

PATRICIA LÓPEZ LÓPEZ (DNI 33996961V)

MANUEL LÓPEZ INSUA (DNI 76530708W)

MARIO CARBALLO LAMA (DNI 33316746G)

MARIA DE LA CRUZ BESTEIRO PALLARES (33319683C)

Polas Centrais Sindicais**UGT [41,67%]**

CARLOS GARCÍA VAZQUEZ (DNI 11922182V)

CESAR LLAMAZARES GONZÁLEZ (DNI 33325711E)

DIEGO JOSÉ CHAO RUBAL (DNI 33998011D)

MIGUEL ÁNGEL CRENDE LÓPEZ (DNI 33337243P)

CC.OO. [33,33%]

JOSE MANUEL BREA MÉNDEZ (DNI 33851807Q)

LUIS RODAS GARCÍA (DNI 50.179.927E)

DIEGO FERREIRO MORADO (DNI 33544975G)

CIG [16,67%]

ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ (DNI 76578117P)

XOAN MANUEL DÍAZ BRANCO (DNI 33996055P)

En Lugo, sendo as 11 horas do día 19 de xaneiro de 2024, reúnen-se nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- De conformidade co previsto no artigo 7 do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo, para os supostos nos que na anualidade 2024 tivera lugar un exceso sobre a xornada anual de traballo de 1.752 horas, cada traballador/a desfrutará como días inhábiles ou non laborables e retribuídos de convenio, a maiores dos días 24 e 31 de decembro de 2024, os seguintes, nos termos indicados no texto do Convenio:

- 1 de abril de 2024
- 24 de xuño de 2024
- 26 de xullo de 2024
- 16 de agosto de 2024
- 11 de outubro de 2024

Naqueles concellos da provincia de Lugo nos que un festivo local coincida en día non laborable (sábado, domingo ou día non laborable de convenio), como é o caso do concello de Lugo, as empresas fixarán no calendario anual un día non laborable a maiores dos sinalados. Para o caso de que nestes concellos estea sinalado como festivo local o 13 de febreiro (Martes de Carnaval) o día non laborable de convenio a maiores establecido pola Comisión Negociadora é o 12 de febreiro de 2024. Para o caso de que a publicación da presente Acta no Boletín Oficial da Provincia de Lugo tivera lugar con posterioridade ao 11 de febreiro de 2024, dito día quedaría fixado para o 27 de marzo de 2024.

Segundo.- Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos con canta información e documentación resulte necesaria.

Terceiro.- Aos efectos do rexistro e depósito do presente acordo de fixación de días inhábiles para o exercicio 2024 do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo, autorízase a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias, titular do DNI núm. 33321188F, e responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de

sinatura, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de tanta documentación sexa necesaria para tal inscrición.

E en proba de conformidade, asinan a presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento, facéndose constar que o representante da central sindical CCOO D. Luis Rodas García pasa a formar parte da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo en substitución de D. Jesús María Fernández Rodríguez.

Fdo.: Patricia López López

Fdo.: Manuel López Insua

Fdo.: Mario Carballo Lama

Fdo.: M^a de la Cruz Besteiro Pallares

Fdo.: Carlos García Vázquez

Fdo.: César LlamazaresGonzález

Fdo.: Diego José Chao Rubal

Fdo.: Miguel Ángel Crende López

Fdo.: José Manuel Brea Méndez

Fdo.: Luis Rodas García

Fdo.: Diego Ferreiro Morado

Fdo.:Alfonso Losada Rodríguez

Fdo.: Xoan Manuel Díaz Branco

R. 0305

CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de novembro de 2023, aprobou inicialmente os expedientes de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos; modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de saneamento; modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga; modificación da ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servizos.

Posto que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición pública, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os ditos acordos elévanse automaticamente a definitivos, publicándose a continuación os textos íntegros das modificacións aprobadas das devanditas ordenanzas:

MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS

“Redactar a modificación do artigo 6 relativa á cota tributaria da citada ordenanza co seguinte tenor literal:
A cota tributaria consistirá nuha cantidade fixa por unidade local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles ou locais, a tal efecto se aplicará a seguinte tarifa xeral en concepto de cota trimestral.

Tarifas vivendas/Tipo de servizos/trimestre	
Zona 1-núcleo rural por vivenda/trimestre	12€
Zona 2-zona urbana/uso doméstico/trimestre	15€
Tarifas establecementos comerciais e industriais/trimestre	30€
Zona2-zona urbana/uso industrial por local/trimestre	

Dita modificación comenzará a aplicarse no momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, dacordo co artigo 107 da Lei reguladora das bases de réxime local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación”.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE SANEAMENTO

“Redactar a modificación do artigo 5 relativa á cota tributaria da citada ordenanza co seguinte tenor literal:
“1.- A base do presente tributo virá determinada:
a) Polo volumen de auga consumida polo contador.
b) Ou, no suposto de que a finca careza do servizo de abastecemento de auga, liquidarase o saneamento por estimación indirecta, mediante a asignación dun consumo equivalente ó consumo mínimo de auga doméstica ou industrial, respectivamente.

Anuncio publicado en: Num BOP 31 año 2024 (06/02/2024 08:00:00)

Para a valoración dos consumos, por aboado/trimestre	€(euros)
a)Cota mínima de servicio doméstico por 60 m3 auga consumida	5€
b)Cota mínima de servicio non doméstico por 120 m3 auga consumida	10€

Dita modificación comezará a aplicarse no momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, dacordo co artigo 107 da Lei reguladora das bases de réxime local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación”.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

“Redactar a modificación do artigo 4 relativa á cota tributaria da citada ordenanza co seguinte tenor literal:

“Tarifas do servizo

4.1.- Tarifas do servicio (IVE aparte)	€(euros)
a)Cota de servicio doméstico por aboado/trimestre	
a.1)Consumo ata 60 m3/trimestre (consumo mínimo)	9€
b)Cota de servicio non doméstico por aboado/trimestre	
b.1)Consumo ata 120 m3 (consumo mínimo)/trimestre	18€

Dita modificación comezará a aplicarse no momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, dacordo co artigo 107 da Lei reguladora das bases de réxime local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación”.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LICENCIA POLA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, DO SEU REXISTRO, DA SECCIÓN LOCAL DO REXISTRO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA E DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE TALES SERVIZOS.

“Deixar sen contido o Capítulo V- Da taxa por expedición de licencia, renovación, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelacións, que recolle os artigos 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26 e 27, da citada ordenanza.

Dita modificación comezará a aplicarse no momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, dacordo co artigo 107 da Lei reguladora das bases de réxime local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación”.

De conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os devanditos acordos son firmes na vía administrativa, e poderá interpoñerse no prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia) se é o caso, ou calquera outro que se estime procedente, de acordo co establecido no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Castro de Rei, 1 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0306

FOZ

Anuncio

Acordo do Pleno de data 25 de xaneiro de 2024 do Concello de Foz polo que se aproba inicialmente a Ordenanza municipal que regula as prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias (PPCPNT) polos servizos públicos municipais correspondentes ao ciclo integral da auga: subministración de auga potable, rede de saneamento e depuración de augas residuais do concello de Foz.

TEXTO

Aprobada inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias (PPCPNT) polos servizos públicos municipais correspondentes ao ciclo integral da auga: subministración de auga potable, rede de saneamento e depuración de augas residuais do concello de Foz, por acordo do Pleno de data 25 de xaneiro de 2024, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información

pública polo prazo de trinta días, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://concellodefoz.sedelectronica.es/info.0>].

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

Foz 30 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0307

Anuncio

Acordo de pleno polo que se aproba o prezo público nº 1 pola prestación dos servizos de ensino da escola municipal de música do concello de Foz

Con data 25 de xaneiro de 2024, foi adoptado acordo polo Pleno do concello de Foz polo que se aproba o establecemento e ordenación do prezo público nº 1 pola prestación dos servizos de ensino da escola municipal de música do concello de Foz, o cal entra en vigor o día seguinte á presente publicación co seguinte alcance e contido:

Acordo regulador do prezo público nº 1 pola prestación dos servizos de ensino da escola municipal de música de Foz

ARTIGO 1: NATUREZA E FUNDAMENTO LEGAL

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da CE e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, o Concello de Foz establece o prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música que se rexerá pola presente ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao disposto nos art. 41 a 45 da citada lei.

ARTIGO 2: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible do prezo público, a prestación polo Concello Foz, a través Escola Municipal de Música de Foz e de calquera centro propiedade ou dependente do Concello, dos ensinos regrados e non regrados ofrecidos polos devanditos centros educativos municipais.

A obrigación de pagar as contías reguladas nesta ordenanza nace, en xeral, desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade e en todo caso desde que se solicite devandito servizo mediante a formalización da correspondente matrícula ou inscrición, debéndose facer efectivo da cordo coas normas de xestión establecidas no artigo 5.

ARTIGO 3: OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza quenes se benefician dos servizos ou actividades prestados ou realizados polo Concello, as que se refire o artigo anterior. No caso de que o receptor do servizo sexa un menor de idade ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección, resultarán obrigados ao pago quen exerza a patria potestade, tutela, curatela ou sexa persoa responsable do mesmo segundo o ordenamento vixente.

Poderán ser considerados obrigados ao pago as persoas xurídicas ou entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria se o solicitan previamente ao Concello, polas persoas físicas que asistan ás actividades mediante visitas ou cursos organizados. Nos casos de carencia de personalidade xurídica do grupo, o pago material deberá efectualo unha persoa responsable do mesmo, contra quen se dirixirá todas as accións derivadas da falta de pagamento ou do incumprimento das normas.

ARTIGO 4: CONTÍAS

A contía do prezo público fíxase individualmente para cada unha das materias que se imparten na Escola, conforme as contías establecidas a continuación:

SERVIZOS QUE SE PRESTAN NA ESCOLA MUNICIPAL DE FOZ	PREZO POR ANO		PREZO POR MES	
	MENORES DE 18 ANOS	MAIORES DE 18 ANOS	MENORES DE 18 ANOS	MAIORES DE 18 ANOS
MATERIAS TRONCAIS				
MATERIAS INSTRUMENTAIS	178,60 €	270,63 €	19,84 €	30,07 €
LINGUAXE MUSICAL	178,60 €	270,63 €	19,84 €	30,07 €
MÚSICA E MOVEMENTO	90,00 €	-	10,00 €	-
MATERIAS COMPLEMENTARIAS				
ASIGNATURAS GRUPAIS (CORO, PREBANDA ETC.)	90,00 €	136,41 €	10,00 €	15,16 €
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	30,00 €	30,00 €	-	-

Se establecen as seguintes **bonificacións**:

1. Bonificacións atendendo á capacidade económica dos suxeitos pasivos:

- Bonificación do **100%** da cota, a favor de aqueles suxeitos pasivos onde a unidade familiar teña uns ingresos, en cómputo total dos seus membros, iguais ou inferiores á contía anual do SMI.
- Bonificación do **50%** da cota, a favor de aqueles suxeitos pasivos onde a unidade familiar teña uns ingresos, en cómputo total dos seus membros, iguais ou inferiores á contía anual do 2 veces o SMI.

Nestes casos deberá ser solicitada expresamente e a solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Declaración da renda do exercicio inmediatamente anterior, de todos os membros en caso de declaración separada, e no caso de non estar obrigado a presentala, o certificado negativo de non presentala emitido polo órgano oportuno.
- Libro de familia debidamente compulsado ou extracto do rexistro civil individual onde figuren os datos persoais e relacións familiares do solicitante da referida bonificación.
- No caso de xubilados, ademais, deberá acreditarse tal condición, mediante o certificado emitido polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

2. Bonificacións a familias numerosas:

- Bonificación do **50%** da cota, a favor daqueles suxeitos pasivos que formen parte dunha Familia Numerosa de Categoría Xeral e Familia Numerosa de Categoría Especial.

Nestes casos deberá ser solicitada expresamente e a solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1. Título oficial de recoñecemento da condición de familia numerosa outorgado pola Comunidade Autónoma.
2. Libro de familia debidamente compulsado ou extracto do rexistro civil individual onde figuren os datos persoais e relacións familiares do solicitante da referida bonificación.

3. Bonificacións por número de membros da unidade familiar matriculados:

- Naqueles casos en que, nun mesmo curso, se inscriban dous ou máis membros da mesma unidade familiar, aplicarase unha bonificación do **25%** sobre as tarifas anteriormente citadas, a partir do segundo e sucesivos membros, quedando suspendida a mencionada bonificación no caso de alteración das circunstancias con posterioridade ó comezo das clases.
- Esta bonificación aplicarase para todos os membros inscritos da mesma familia.

4. Bonificacións atendendo aos alumnos pertencentes á Banda de Música:

- Bonificación do **50%** da cota do instrumento, a favor de aqueles suxeitos pasivos que sexan membros da Banda de Música no primeiro ano.
- Bonificación do **60%** da cota do instrumento, a favor de aqueles suxeitos pasivos que sexan membros da Banda de Música no segundo ano.
- Bonificación do **70%** da cota do instrumento, a favor de aqueles suxeitos pasivos que sexan membros da Banda de Música no terceiro ano.
- Bonificación do **80%** da cota do instrumento, a favor de aqueles suxeitos pasivos que sexan membros da Banda de Música no cuarto ano.
- Bonificación do **100%** da cota do instrumento, a favor de aqueles suxeitos pasivos que sexan membros da

Banda de Música no quinto ano.

4.1 Nestes casos deberá ser solicitada expresamente e a solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Certificado do Director da Banda de música, no que se acredite a participación na mesma especificando o ano de antigüidade.

5. Bonificacións por matriculación en materias complementarias:

- Terá unha bonificación do **100%** a matriculación en materias complementarias cando o alumno xa estea matriculado en dúas ou máis materias troncais.

Non se poderán aplicar simultaneamente máis dunha bonificación, sendo de aplicación a máis vantaxosa en cada caso.

ARTIGO 5: NORMAS DE XESTIÓN

1. A liquidación deste prezo público realizarase trimestralmente, segundo listaxe que conteña os elementos necesarios para a elaboración dos recibos, así como as altas/baixas producidas a cada mes.

2. As baixas solicitadas polos alumnos causarán efecto no trimestre seguinte a aquel en que sexan solicitadas, sempre que se comunique a través do Rexistro Xeral do Concello. Esta listaxe deberá obrar en poder do Concello a última quincena do trimestre.

3. O pago dos recibos correspondentes ás cotas trimestrais efectuarase a través de entidade bancaria, previa domiciliación do pago. A este efecto, ademais do impreso de matrícula, asinarase outro para deixar constancia escrita da autorización da domiciliación bancaria.

4. A falta de pagamento dun trimestre conlevará a baixa automática do servizo con independencia de que prosiga a súa cobranza mediante o procedemento oportuno.

5. Pago fraccionado trimestralmente, da seguinte forma:

- Ao inicio do curso e polo 35% do seu importe.
- No mes de decembro e polo 30% do seu importe.
- No mes de marzo e polo 35% do seu importe.

ARTIGO 6: NORMATIVA SUPLETORIA

Nas cuestións non reguladas nesta ordenanza, serán de aplicación as disposicións xerais sobre xestión, liquidación e recadación de tributos e restantes ingresos de dereito públicos.

ARTIGO 7: INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de desenvolvemento

DISPOSICIÓN FINAL

O presente acordo regulador que consta de once artigos e foi aprobado polo Pleno en sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2024, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP de Lugo e producirá efectos en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Foz 31 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0308

Anuncio

Acordo de pleno polo que se aproba o prezo público nº 2 pola prestación de servizos das escolas deportivas municipais do concello de Foz

Con data 25 de xaneiro de 2024, foi adoptado acordo polo Pleno do concello de Foz polo que se aproba o establecemento e ordenación do prezo público nº 2 pola prestación de servizos das escolas deportivas municipais do concello de Foz, o cal entra en vigor o día seguinte á presente publicación co seguinte alcance e contido:

Acordo regulador do prezo público nº 2 pola prestación de servizos das escolas deportivas municipais do concello de Foz

ARTIGO 1: CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 331 da Lei

5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, este Concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos de escolas deportivas municipais.

ARTIGO 2: OBXECTO

Constitúe o obxecto deste prezo público a prestación dos Servizos de ensino deportivo nas escolas deportivas municipais do Concello de Foz.

ARTIGO 3: OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento deste prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello aos que se refire o artigo anterior. No caso de que o receptor do servizo sexa un menor de idade ou incapaz, resultarán obrigados ao pago quen exerza a patria potestade, tutela, curatela ou sexa persoa responsable do mesmo segundo o ordenamento vixente.

Poderán ser considerados obrigados ao pago as persoas xurídicas ou entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria se o solicitan previamente ao Concello, polas persoas físicas que asistan ás actividades mediante visitas ou cursos organizados. Nos casos de carencia de personalidade xurídica do grupo, o pago material deberá efectualo unha persoa responsable do mesmo, contra quen se dirixirá todas as accións derivadas da falta de pagamento ou do incumprimento das normas.

ARTIGO 4. CONTÍAS.

As contías do prezo público serán as seguintes:

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (prezos mensuais)	
Inscrición en unha actividade	20 €/mes
Inscrición en dúas ou máis actividades	25 €/mes

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (prezos anuais)	
Inscrición en unha actividade	160 €/ano
Inscrición en dúas ou máis actividades	200 €/ano

Os prezos previstos nesta ordenanza poden ser actualizados conforme ao IPC, sen prexuízo da posible revisión dos mesmos en atención aos custes de prestación dos servizos.

ARTIGO 5: EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Establécense as seguintes bonificacións en relación coas tarifas anteriores:

- Bonificacións relativas ao **número de fillos** matriculados por familia:

A matrícula do segundo fillo dunha mesma familia en disciplinas ou actividades das escolas deportivas municipais levará aparellada unha bonificación do 50% da cota. Para o terceiro fillo e sucesivos, a bonificación será do 100%. É necesario presentar o libro de familia debidamente compulsado ou a folla/extracto do rexistro civil individual onde figuren os datos persoais e relacións familiares do solicitante ou do pai, nai e/ou titor dos alumnos para a execución de dita bonificación.

- Bonificacións a **familias numerosas**:

Bonificación do 50% da cota, a favor daqueles suxeitos pasivos que formen parte dunha Familia Numerosa de Categoría Xeral e Familia Numerosa de Categoría Especial.

Nestes casos deberá ser solicitada expresamente e a solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Título oficial de recoñecemento da condición de familia numerosa outorgado pola Xunta de Galicia.
- É necesario presentar o libro de familia debidamente compulsado ou folla/extracto do rexistro civil individual onde figuren os datos persoais e relacións familiares do solicitante ou do pai, nai e/ou titor dos alumnos para a execución de dita bonificación.
- Bonificacións atendendo á **capacidade económica** dos suxeitos pasivos:

Por criterios xenéricos de capacidade económica das unidades familiares dos suxeitos pasivos con obriga de satisfacer a taxa referente ás escolas deportivas municipais, establécense as seguintes bonificacións:

- Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos que non superen o SMI vixente en cada momento recoñécese unha bonificación do 100% do prezo público.

- Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos superiores ao SMI pero inferiores ao 200 % do mesmo, sempre que na unidade familiar estean integrados dous ou máis fillos, recoñécese unha bonificación do 50% da contía.

Non están suxeitas ao pago as actividades organizadas polo Concello de Foz, patrocinados polo Concello, ou que así se recollan en convenios asinados, tanto directa como indirectamente a través de contratistas.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis cós expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

Non se poderán aplicar simultaneamente máis de UNHA bonificación.

ARTIGO 6: NORMAS DE XESTIÓN

- A liquidación deste prezo público realizarase trimestralmente, segundo listaxe presentada polos órganos encargados das Escolas deportivas municipais que conteña os elementos necesarios para a elaboración dos recibos, así como as altas/baixas producidas a cada mes.
- As baixas solicitadas polos alumnos causarán efecto no trimestre seguinte a aquel en que sexan solicitadas, sempre que se comunique a través do Rexistro Xeral do Concello. Esta listaxe deberá obrar en poder do Concello a última quincena do trimestre.
- O pago dos recibos correspondentes ás cotas trimestrais efectuarase a través de entidade bancaria, previa domiciliación do pago. A este efecto, ademais do impreso de matrícula, asinarase outro para deixar constancia escrita da autorización da domiciliación bancaria.
- A falta de pagamento dun trimestre conlevará a baixa automática do servizo con independencia de que prosiga a súa cobranza mediante o procedemento oportuno.
- Pago fraccionado trimestralmente, da seguinte forma:
- Ao inicio do curso e polo 35% do seu importe.
- No mes de decembro e polo 30% de seu importe.
- No mes de marzo e polo 35% do seu importe.

ARTIGO 7: NORMATIVA SUPLETORIA

Nas cuestións non reguladas nesta ordenanza, serán de aplicación as disposicións xerais sobre xestión, liquidación e recadación de tributos e restantes ingresos de dereito públicos

ARTIGO 8: INFRACCIÓN E SANCIÓN

As infraccións regulamentarias, as ocultacións, e os actos de defraudación serán sancionados conforme as disposicións vixentes, previa a formación de expediente ou levantamento de actas de inspección.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente acordo regulador que consta de once artigos e foi aprobado polo Pleno en sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2024, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, e producirá efectos en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Foz 31 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0309

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobación inicial da modificación da RPT 2024 (10ª modificación): 1011/2023

Por acordo plenario de data 25/01/2024 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT.

O que se publica concedendo un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Guitiriz, 31 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0310

LUGO

Anuncio

O ILMO. SR. DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Tenente de Alcaldesa Delegado da Area de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo, con data do 30 de xaneiro de 2024, ditou o Decreto Nº 753/2024 polo que se resolveu:

Primeiro.- O nomeamento de :

DNI CIFRADO	APELIDOS E NOME
***4048**	BECEIRO MENDEZ, JUAN JOSE
***4595**	BARRERO LOPEZ, ROMINA
***3690**	MARCIEL CALAZA, MIGUEL
***9059**	PRADO DE LA TORRE, JAVIER
***0596**	FONTAN FONTECOBA, SERGIO
***8735**	MOREIRA FERNANDEZ, TANIA
***4540**	GONZALEZ IGLESIAS, JESUS

como funcionarios en prácticas do Excmo. Concello de Lugo nas prazas de Policía Local; Escala: Básica; Categoría: Policía; Grupo: C1; Nivel: 19, con efectos do día no que dea comezo o curso selectivo de formación que, para o efecto, desenvolva a Academia Galega de Seguridade Pública, previsto para o día 1 de febreiro de 2024.

Segundo.- Os/as funcionarios/as en prácticas percibirá unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o corpo ou escala no que aspiren a ingresar. Non obstante, se as prácticas se realizan desempeñando un posto de traballo, o importe anterior se incrementará nas retribucións complementarias correspondentes ao dito posto.

Terceiro.- Notificarlle o nomeamento en prácticas ós/ás interesados/as, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á notificación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 1 de febreiro de 2024.- O Tenente de Alcaldesa Delegada da Area de Xestión integral de Recursos Internos, Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 0311

RIBADEO

Anuncio

Secretaría Xeral. 02 / Expediente nº 3582/2023

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Visto expediente tramitado para provisión de dous postos de funcionario Administrativo de Administración Xeral 0004 e 0005 da RPT municipal e solicitudes formuladas durante o prazo establecido ao efecto.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire avixente Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

RESOLVE:

1º.Prestar aprobación á **listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos** que de seguido se relacionan:

ADMITIDOS**Apelidos e nome****Observacions**

Alvarez Verdeal, Verónica	Aporta CELGA
Antuña Carballés, María Rosa	Aporta CELGA
Arias Posada, Lucía	Aporta CELGA
Belón López, Alberto	Aporta CELGA
Castañal Gegunde, Manuel	Non aporta CELGA (procede exame)
Cupeiro Cotarelo, Nuria	Aporta CELGA
Delantero Joven, Alberto	Aporta CELGA
Fernández Carreira, Inés	Non aporta CELGA (Procede exame)
Fungueiriño Pazos, José Luis	Aporta CELGA
García Gómez, María	Aporta CELGA
García Santamarina, Beatriz	Aporta CELGA
Gómez Díaz, Noelia	Aporta CELGA
López Ares,Lara	Aporta CELGA
López Pérez, Reyes	Aporta CELGA
Lozano Burgo, Ana María	Aporta CELGA
Mago Markano, Karín	Aporta CELGA
Martínez Díaz, Heriberto	Aporta CELGA
Martínez Encinar, Pablo	Aporta CELGA
Mayo del Río, Lara	Aporta CELGA
Novo Gegundez, Laura	Aporta CELGA
Otero Abad, Xiana	Aporta CELGA
Pérez García, Lucía	Non aporta CELGA (procede exame)

Rodríguez Díaz, José Feliciano	Aporta CELGA
Rodríguez Fernández, Rocío	Aporta CELGA
Torre Mahía, Lidia	Aporta CELGA
Vázquez Gómez, José	Aporta CELGA
Vilar Reboeiras, Verónica	Aporta CELGA
Vilarín Gayoso, Iago	Aporta CELGA

EXCLUIDOS

APELIDOS E NOME	OBSERVACIONES
Adelaide Teijeiro, Ana Belén	Falta documentación. DNI. Titulación.
Gómez Gómez, María Cristina	Falta documentación. Titulación.

2º. Remitir anuncio ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao taboleiro de anuncios do Concello e á sede electrónica da web municipal: www.ribadeo.gal, **para que durante o prazo de dez días se formulen as alegacións ou correccións de erros que no seu caso procedan.**

Acordouno, mándao e asinao o Sr.Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica do que eu Secretario dou fe.
Ribadeo, 30 de xaneiro de 2024.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.- O SECRETARIO, JOSÉ A. CARRO ASOREY.

R. 0312

Anuncio

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 30/01/2024, acordou provisionalmente a modificación da **Ordenanza municipal reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal.**

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, entrando en vixencia de acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ribadeo, 31 de xaneiro de 2024.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.

R. 0313

SOBER

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión ordinaria de data 31 de xaneiro de 2024 o Orzamento municipal para o exercicio 2024, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arranxo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, exponse ao público polo prazo de 15 días laborais –que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP- co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O dito documento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sober, 31 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0314

TRABADA

Anuncio

INFORMACION PÚBLICA DO PADRÓN DE AUGA DO 5º BIMESTRE DE 2023

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024-0020 do 18 de xaneiro de 2024, resólvese a aprobación da Taxa polo abastecemento domiciliario de auga correspondente ao 5º bimestre de 2023, expoñéndose ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

De conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria esta publicación ten o carácter de notificación colectiva, podendo as persoas interesadas examinar o expediente e presentar os seguintes recursos:

- O recurso de reposición no prazo de 1 mes dende a publicación do presente anuncio, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de 1 mes, transcurrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a resolución do recurso de reposición, poderase interpor o recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.
- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes.

Os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, fixando como período de cobro voluntario do 23 de xaneiro de 2024 ata o 23 de marzo de 2024.

Finalizado o exercicio procederase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda.

Trabada, 18 de xaneiro de 2024.- Alcaldesa en funcións, Julia Mª Barcia Fernández.

R. 0315

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) - CERVO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO DESFILE DE ENTROIDO EN SAN CIPRIÁN-CERVO 2024

BDNS (Identif.): 742254

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/742254>)

Primeira. Obxecto.

Estas bases teñen por obxecto a regulación do procedemento aplicable para a entrega dos premios do “Concurso de Disfraces de Desfile Entroido 2024 en San Ciprián” organizado polo Concello de Cervo.

Segundo. Beneficiarios.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario desta axuda calquera persoa ou grupo de persoas representados por algún dos membros da agrupación debidamente autorizados.

Terceiro. Contía da axuda.

A aplicación orzamentaria á que se destinarán estas axudas é a 337/4893001 “Premios Antroido 2024”, cun crédito máximo para esta convocatoria de 2.397,28 €.

A contía dos premios será a seguinte:

INDIVIDUAL

ADULTO

1º PREMIO	40,00 €
2º PREMIO	20,00 €

INFANTIL

1º PREMIO	40,00 €
2º PREMIO	20,00 €

PARELLAS

ADULTO

1º PREMIO	70,00 €
2º PREMIO	35,00 €

INFANTIL

1º PREMIO	70,00 €
2º PREMIO	35,00 €

GRUPOS (3-8 PERSOAS)

INFANTIL

1º PREMIO	120,00 €
2º PREMIO	90,00 €
3º PREMIO	60,00 €

ADULTOS

1º PREMIO	120,00 €
2º PREMIO	90,00 €
3º PREMIO	60,00 €

GRUPOS XUVENIL (MÁIS DE 3 COMPOÑENTES 12-18 ANOS)

1º PREMIO	200,00 €
2º PREMIO	120,00 €
3º PREMIO	70,00 €

COMPARSAS

INFANTIL

1º PREMIO	250,00 €
2º PREMIO	170,00 €
3º PREMIO	90,00 €

ADULTOS

1º PREMIO	250,00 €
2º PREMIO	170,00 €
3º PREMIO	90,00 €

Cuarto. Data límite de presentación de solicitudes.

A inscrición realizarase na Casa da Cultura de San Ciprián. O prazo normal para inscribirse no Concurso remata o 13 de febreiro de 2024 ás 14:00 horas. A inscrición tamén poderá realizarse o mesmo día do concurso ata 1 hora antes do comezo do mesmo, ante os traballadores do Concello que participen en tal calidade na organización do evento.

O resto da documentación poderá presentarse simultaneamente á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que, aínda que figuren como beneficiarios dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a

documentación recollida neste artigo antes do acordo de concesión.
CERVO, 1 de febreiro de 2024.- ALCALDESA, M^a DOLORES GARCIA CARAMÉS.

R. 0316
